Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 28 01 - Fax: 981 54 28 18
www.sergas.es



## ACTA DE FIN DE NEGOCIACIÓN DO ACORDO DE RÉXIME EXTRAORDINARIO DE CARREIRA PROFESIONAL DO PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS E SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

**Pola Administración**

Antonio José Fernández Paniagua
Director Xeral da División de RR.HH. e Desenvolvemento Profesional

Ana Comesaña Álvarez
Subdirectora xeral de Políticas de Persoal

Manuel López López
Subdirector xeral de Réxime Retributivo e Xestión de Persoal

María Ponte García
Xefa de servizo de Relacións Laborais

Isabel Campos Pardo
Xefa de servizo de Integración de Coidados

Paula Oliete Trillo
Xefa de sección de Relacións Laborais

**Polas Organizacións Sindicais**

CIG
Xoán Cons Pintos
Xoán Ramón Fernández Cid
María Xosé Abuín Álvarez
Camilo Agulleiro Sambade

CCOO
Javier González Castro
Lola González Lorenzo

CSI-CSIF
José Francisco Méndez Castro
Isabel Faraldo Calvo
Juan Carlos Gómez Rodríguez
José Luis Martínez Fernández

UGT
Javier Martínez Fente
Marisa Mosquera Souto
Miguel A. Estévez Fernández

SAE
Begoña Caínzos Ayerbe
Pilar López Mera
Cecilia Dou Marcos

En Santiago de Compostela ás 17.00 horas do día 15 de maio de 2007, no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, logo da convocatoria realizada aos efectos, reuníronse os membros da Mesa Sectorial que se relacionan á marxe, co seguinte orde do día:

- **Punto único: Negociación do acordo de réxime extraordinario de carreira profesional do persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional.**

Logo da negociación mantida coas organizacións sindicais, despois das diversas reunións mantidas no seo da mesa sectorial na que se recolleron sucesivos documentos con propostas, trala presentación da proposta definitiva que se achega como anexo ao acta de hoxe, e que recolle as últimas demandas sindicais, as partes dan por rematada a negociación. As organizacións sindicais que conforman a Plataforma en demanda desta carreira profesional poñen fin aos conflitos.



- - CIG - SAÚDE INFORMA - - ACTA E ANEXO FIN NEGOCIACIÓN - -

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 28 01 - Fax: 981 54 28 18
www.sergas.es

SERGAS
División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

Integraranse no texto orixinario das bases do Acordo os aspectos parciais incorporados no anexo, aspectos estes nos que se concretaban as discrepancias.

Así mesmo abordaranse as propostas xa tratadas sobre promoción interna que figurarán como texto do acordo, logo da súa análise pormenorizada, tendo en conta os principios nos que estamos de acordo as partes.

Determinarase unha data para asinar o acordo formal unha vez superados os trámites, autorizacións e informes preceptivos para a citada sinatura, con obxecto de que poida entrar en vigor no mes de xullo de 2007.

Xa que logo, a vontade manifestada no presente acta queda suxeita aos requisitos formais para a súa legalidade.

- - CIG - SAÚDE INFORMA - - ACTA E ANEXO FIN NEGOCIACIÓN - -

*Documento presentado en Mesa Sectorial 15.5.07*
***Carreira profesional do persoal de xestión e servizos e técnico sanitario***
*ANEXO ACTA FIN DE NEGOCIACIÓN 15 05 2007*

**1.- Modificación dos períodos de servizos prestados requiridos para acceder aos sucesivos graos:**

| GRUPO | GRAO I | GRAO II | GRAO III | GRAO IV |
|---|---|---|---|---|
| A | 5 anos | 12 anos | 19 anos | 25 anos |
| B | 5 anos | 12 anos | **19 anos** | **25 anos** |
| C | 5 anos | 12 anos | **19 anos** | **25 anos** |
| D | 5 anos | 12 anos | **19 anos** | **25 anos** |
| E | 5 anos | 12 anos | **19 anos** | **25 anos** |

**2.- Complemento de carreira (contías por grao).**

| GRUPO | GRAO I | GRAO II | GRAO III | GRAO IV |
|---|---|---|---|---|
| A | 2.500 € | 5.000 € | 7.500 € | 10.000 € |
| B | 1.750 € | 3.500 € | 5.250 € | 7.000 € |
| C | 1.180 € | 2.360 € | 3.540 € | 4.720 € |
| D | 1.000 € | 2.000 € | 3.000 € | 4.000 € |
| E | 800€ | 1.600 € | 2.400 € | 3.200 € |

**3.- Durante a implantación do sistema, a contía anual por grao recoñecido será a seguinte:**

| GRUPO | ANO 2007 | ANO 2008 | ANO 2009 | ANO 2010 | ANO 2011 | ANO 2012* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A | 2.325 € | 2.370 € | 2.415 € | 2.460 € | 2.500 € | 2.760 € |
| B | 1.625 € | 1.660 € | 1.690 € | 1.720 € | 1.750 € | 1.932 € |
| C | 1.000 € | 1.045 € | 1.090 € | 1.135 € | 1.180 € | 1.303 € |
| D | 850 € | 890 € | 925 € | 965 € | 1.000 € | 1.104 € |
| E | 680 € | 700 € | 725 € | 750 € | 800 € | 883 € |

A contía correspondente ao segundo semestre de 2007 percibirase nun único pagamento.
* Estimación na hipótese de crecemento en torno ao 2% anual

**- - CIG - SAÚDE INFORMA - - ACTA E ANEXO FIN NEGOCIACIÓN - -**

**4º.- Contías 2012: actualización**

As contías no exercicio 2012 calcularanse sobre as contías do ano 2011, actualizadas cos incrementos respectivos que se establezan nas leis de orzamentos dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011. A partir de 2013 as contías terán as actualizacións anuais previstas nas leis.

**5º.- Funcionarios e laborais transferidos das corporacións locais :**

Terán acceso ao sistema ordinario de carreira profesional que se regule para o persoal estatutario.

Aplicaranse aos funcionarios e laborais transferidos das corporacións locais, os contidos dos acordos retributivos acadados para o resto do persoal laboral e funcionario da Xunta de Galicia.

Terán unha nova oferta de integración ao réxime estatutario á entrada en vigor desta acordo.

**6º.- Persoal Interino**

O persoal interino que acceda a prazas no SERGAS na vixente oferta de emprego terá especial consideración no acceso ao sistema ordinario de carreira profesional que se regule.

**7º.- Sistema ordinario de carreira profesional**

O sistema ordinario de carreira profesional se negociará para ser aplicado en xullo de 2008.

*

- - CIG - SAÚDE INFORMA - - ACTA E ANEXO FIN NEGOCIACIÓN - -